



**ACTA NÚMERO 01/2010**  
**XERENCIA ATENCIÓN PRIMARIA DE VIGO**  
**E A COMISIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA**

ASISTENTES

**POLA DIRECCIÓN:**

D. FRANCISCO JAVIER CARAMES CASAL

D<sup>a</sup>. PILAR RIBEIRO MARTINEZ

D<sup>a</sup>. ANA M<sup>a</sup> CAPDEVILA ARGÜELLES

D<sup>o</sup>. MARIA PARDO COROMINAS

D<sup>a</sup>. BELEN VAZQUEZ PACHECO

D<sup>a</sup> CONCEPCION LOPEZ MELENDEZ

D<sup>a</sup>. LOURDES PIÑEIRO TRONCOSO

**POLA COMISIÓN DE CENTROS:**

D. XOSE LOIS MARTINEZ FDEZ-CSI-CSIF

D. CARLOS VARELA VIGO- CSI-CSIF

D<sup>a</sup> HERMINIA VÁZQUEZ NIEVES-CEMSATSE

D. MANUEL NIETO PEREIRA-CEMSATSE

D<sup>a</sup>. LOURDES CARBAJO NUÑEZ-CEMSATSE

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> TERESA NUÑEZ GALLEGO-CEMSATSE

D. MANUEL RODRIGUEZ PIÑEIRO-O'MEGA

D<sup>a</sup>. DAMIANA GULLON DOMINGUEZ-SGPS

D<sup>a</sup>. PURIFICACION VILLAR DE TORO- SGPS

D. ANGEL CAMESELLE CORBACHO-CC.OO.

D<sup>a</sup>. ALASNE ACHALANDABASO CUBAS- UGT

D<sup>a</sup>. MANUELA FRAGOSO ULLA- SAE

D. MANUEL GONZALEZ MOREIRA- CIG

En Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezasete de febreiro de dous mil dez, reúnense na sala de xuntas da Xerencia de Atención Primaria, para tratar os asuntos que figuran no seguinte:

-- ORDE DO DÍA --

- 1.- Pediatría de Tui
- 2.- Prazos de implantación da historia clínica electrónica, problemas coa dotación de ordenadores.
- 3.- Curso de IANUS: queixáronse de que é escaso.
- 4.-Casco Vello:
  - Cotas de médicos sen DUE
  - Saturación área administrativa quenda de tarde cando hai prolongacións
  - Filtrado da historias clínica de Casal Redondo
- 5.- Tomiño: problemas de climatización.
- 6.- PREGUNTAS:
  - ¿Vaise a privatizar la Central de chamadas?
  - ¿Os novos centros de saúde que se van a construír van ter financiamento público ou privada?.

Xerencia de Atención Primaria  
Vigo

Tel. 986 816 460 - Fax 986 816 471  
Rúa Rosalía de Castro 21-23  
36201 Vigo (Pontevedra)

O xerente presenta as novas incorporacións ao equipo directivo:  
A Directora Médica de Atención Continuada: María Pardo Corominas, e  
A Subdirectora de Enfermería: Concepción López Melendez.

**PUNTO PRIMEIRO.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR.**

Aprobase a acta nº 7/09 da reunión celebrada o día 10 de novembro de 2009.

Quedan pendente de aprobación a acta nº 8/09, da reunión celebrada o pasado 16 de decembro.

**PUNTO SEGUNDO.- PEDIATRIA DE TUI.**

- COMISIÓN DE CENTRO: Problemas que se están xerando e saíu ata en prensa.
- XERENCIA: Uniuse unha I.T. inesperada cun permiso programado. A pediatría ten un volume importante de TIS, media 1.400, estabilizado no último ano e ademais as TIS de 0 –4 anos están diminuindo:

ANO	PROMEDIO	
	PED. 1	PED. 2
2007	51	38
2008	44	41
2009	36,66	36,32
Promedio / diario área = 28,5		

En Tui cabería un pediatra máis por ratio, pero non hai espazo na mañá, e non hai pediatras.

Estase estudando pór unha praza nova de pediatría no marco da OPE en curso. En tanto isto non se realiza, tomouse a decisión de cubrir as ausencias de pediatría sempre que as ausencias sexan previsibles.

- CEMSATSE: As pediatras de Tui solicitaban un médico de apoio en horario de tarde, ¿Estudouse esta posibilidade?
- XERENCIA: Puntualmente podese facer
- CIG: A xerencia debe dicir:
  1. ¿Se existe necesidade de crear unha praza de pediatría en Tui?
  2. O argumento de que é imposible manter o incremento de gasto, debe dicirse nese caso á poboación.
  3. ¿A solución pasa por sacar unha praza nova na OPE?

- XERENCIA: A necesidade existía desde fai anos. A cobertura está en función da disponibilidad de espazo , da capacidade presupuestaria e da disponibilidad de médicos pediatras.
- CIG: No marco da construción do novo centro, ¿como está?
- XERENCIA: No plan funcional, do novo centro de saúde están contempladas tres consultas de pediatría.
- SATSE: Ante o problema das ausencia en pediatría de Tui, ¿porque non se substitúen ao 100 % á enfermería de pediatría?.
- XERENCIA: a substitución da enfermería non solucionaría a ausencia do pediatra.

### PUNTO TERCEIRO.- PRAZOS DE IMPLANTACIÓN DA HISTORIA CLÍNICA ELECTRÓNICA, PROBLEMAS COA DOTACION DE ORDENADORES.

- COMISIÓN DE CENTROS: Máis que problemas, o que queremos é saber a programación
  - XERENCIA:
    - Primeiro semestre: Migrou TEIS de OMI -> IANUS  
Están migrando SARDOMA e BEMBRIVE; e posteriormente irán,  
COIA  
LOPEZ MORA  
CORUXO  
LAVADORES  
MATAMA  
PONTEAREAS  
Tamén incluíronse no primeiro semestre TUI e TOMIÑO
    - Segundo semestre: Completarase a implantación no resto da area
- Ao final do 2010 toda a áre tera receita electrónica e historia clínica electrónica.
- CEMS: Na migración de Teis houbo problemas de perda de datos, como se prevía.
  - XERENCIA: Non se perdeu información, o profesional sempre pode consultar o pasivo en OMI e en calquera momento facer manualmente o traspaso de datos, de OMI a Ianus
  - CEMS: Nos últimos dous meses, todo os días IANUS cólgase, ¿é polo aumento da implantación?
  - XERENCIA: Cambiouse a base de datos, durante o cambio, en hora punta tiveron que meter sobrecargas para probar a nova base de datos e houbo fallos debidos a problemas que se están identificando.
  - CEMS: E preciso solicitar a servizos centrais de Santiago que cando se colgue IANUS, envíen un aviso aos profesionais cando estea operativo. Ademais. IANUS non se desenrola.

- XERENCIA: É unha cuestión de prioridades para este ano a prioridade é estender a IANUS-historia clínica e e-receita a toda area. Dentro das funcionalidades previstas de instalación este ano está. O “PAPPS electrónico”.

Para o desenvolvemento do IANUS reactivarase a comisión para o estudo das necesidades que os profesionais van manifestando e logo priorizarase.

- SATSE: Hai problemas de ordenadores en enfermería de Redondela non teñen.
- XERENCIA: Os ordenadores para enfermería van coa implantación do IANUS-H<sup>a</sup> CLINICA, Redondela de momento non de implantou a versión de IANUS- H<sup>a</sup> CLINICA.

#### **PUNTO CUARTO.- CURSO DE IANUS: QUEIXÁRONSE DE QUE É ESCASO.**

- COMISION DE CENTRO: Queixase o persoal de que o curso é escaso de tempo, e ademais hai diferenza no tempo entre o curso e a implantación no centro, co que te esqueces dos pasos.
- XERENTE: No momento da implantación están os informáticos no centro o tempo que sexa preciso para calquera dubida que se poda presentar.
- O'MEGA: Debería haber unha historia tipo para poder practicar.
- CEMS: No ano 2008 deron un programa para practicar.
- XERENCIA: Solicitarase.

#### **PUNTO QUINTO.- CASCO VELLO:**

- COTAS DE MÉDICOS SEN DUE
- SATURACIÓN ÁREA ADMINISTRATIVA QUENDA DE TARDE CANDO HAI PROLONGACIÓNS
- FILTRADO DA HISTORIAS CLÍNICA DE CASAL REDONDO

- XERENTE: A actividade de enfermería no ano 2009 en quenda de tarde ten un promedio de 8,60 e a media da mañá é 10,59 por día. Domicilios de tarde 0,09 por día, en todo o ano: 84 domicilios, con estes ratios é asumible a non substitución ao 100%, independentemente de valorar a acitividade periodicamente, coa incorporación do novo profesional.
- SGPS: Se o cupo é de pacientes que están sen historia, terán que captalos e xeran mais traballo.
- XERENTE: Por iso é un tema que hai que valorar estudando a actividade periódicamente, nestes momentos hai un colchón para captar pacientes sen que haxa sobrecarga.
- CEMS: ¿Cal é o cupo do Dr. Casal?

- XERENTE: Aproximadamente 1.300 TIS.
- CEMS: Se se quere ter os pacientes historiados, iso xera mais traballo.
- XERENTE: Por iso vaise a valorar a actividade .
- SGPS: ¿Cantos son os domicilios de enfermería de mañá?
- XERENCIA: 750 domicilios/ano en quenda de mañá, e dicir, 1 domicilio cada 2 días laborais.
- CC.OO.: Co incremento en Casco Vello de dous facultativos non houbo crecemento de personal non sanitario nin de enfermería.
- XERENCIA: O persoal non sanitario ten 17.796 TIS para 5 persoas sen contar aos celadores, polo que lle sae unha media de 3500 TIS, ( 3.500 TIS é a ratio que figura no Plan Mellora), e ademais non moven historias clínicas, teñen receita electrónica, non teñen unidades auxiliares (odontoloxía, matrona, ....), e a pediatría do cupo do dr. Casal aténdese en Rosalía e ademais nestes momentos estase citando desde Rosalía

Neste momento non se considera necesario unha praza máis.

- CIG: A análise de necesidades de enfermería faise en función da actividade actual, iso supón manter a situación e cando no plan mellora pretendíase unha ratio de 1:1 era para cumprir a carteira de servizo de atención primaria en enfermería, se non se ten isto en conta, a carteira de servizo de atención primaria estase quedando curta.
- XERENCIA: O único que facemos é que non se adiante o recurso e logo pedir o resultado, o que hai é que optimizar os recursos que temos.
- SGPS: Hai un agravio entre a tarde e a mañá, o xefe de servizo pediu unha enfermeira deslizante.
- XERENCIA: A resposta está na actividade de enfermería.
- SGPS: No persoal non sanitario hai saturación na tarde, aínda que non hai historias si se arquivan probas de especialistas.
- XERENCIA: Os espirómetros, EGG progresivamente vanse a dotar xa con software que permita arquivar en IANUS.
- CSI-CSIF: cando hai prolongacións de tarde xerase mais sobrecarga.
- XERENCIA: O incremento dun efectivo non está xustificado. Ofrecéuselle un reforzo, para reorganizar o traballo administrativo.

### **PUNTO SEXTO.- TOMIÑO: PROBLEMAS DE CLIMATIZACIÓN**

- XERENCIA: O proxecto está redactado, pendente de licitación, a previsión é que en maio estea listo.
- CIG: ¿O compromiso da xerencia é que en maio este listo?

- XERENCIA: A Xerencia como tal non pode adquirir o compromiso, non é unha competencia da xerencia, a previsión é que en maio este listo.
- CC.OO.: Espero que este listo, poque senón pode montarse unha boa. Adquiríronse compromisos
- SATSE: A rampla da ambulancia ¿que problema ten?
- XERENTE: Verase.

#### **PUNTO SETIMO.- PREGUNTAS:**

- ¿VAISE A PRIVATIZAR A CENTRAL DE CHAMADAS?
- ¿OS NOVOS CENTROS DE SAÚDE QUE SE VAN A CONSTRUIR VAN TER FINANCIAMENTO PÚBLICO OU PRIVADO?.

- COMISION DE CENTRO: ¿Hai algún plan para privatizar a central de chamadas.?
- XERENCIA: Fíxose unha recollida de información para ver como está en Galicia a central de chamadas e está en estudo, non hai noticias novas.
- CIG: ¿A xerencia aposta por manter a central de chamadas en Vigo pública?
- XERENCIA: A Xerencia aposta para que funcione a cita. É un tema que transcende da nosa competencia como xerencia.
- CIG: Agora é o momento para defender o modelo de Vigo
- COMISIÓN DE CENTRO: Como Comisión de Centro queremos ser coñecedores das medidas que se tomen respecto diso e queremos que se exprese a posición da Xerencia.

#### • **NOVOS CENTROS DE SAÚDE**

- COMISIÓN DE CENTRO: Na mesa Sectorial presentouse o plan de viabilidade económica, no mesmo aparecen os centro de saúde de Navia, PAC Vigo, Bouzas dentro do novo modelo de financiación.
- XERENCIA: Non temos coñecemento de que se teñan tomado decisions respecto a financiación dos novos centros.
- CIG: Se a Xerencia non sabe nada que pregunte e nos informe.

----- x -----

- COMISION DE CENTRO: Garda do centro de saúde de Mos ¿previsión de modificación?
- XERENTE: De momento non hai nada.

Remata a reunión as once horas e trinta minutos do día sinalado.